

# Perdices, poesía y alegría




Recuento dende hai anos a escrita do friolés Xerardo Quintiá e nestas e noutras páxinas teño comentado diversos poemarios e obras narrativas súas destinadas ao público medrado. Pois ben, quero hoxe convidar á lectura dun seu texto pensado para o lectorado más miúdo, *O país do Gran Furado*, un álbum infantil de pequeno formato que ve a luz da man de Baía Edicións.

*O país do Gran Furado* é unha deliciosa parábola que nos traslada a un territorio imaxinario no que "está prohibido que as mulleres coman perdices e sexan felices, que lean poesía, tanto de noite como de día, e que anden coas orellas merdentes". O tirano deste país de interdiccóns é MAXI-Miliano, quen "dispón de 18 ministros, todos eles rabudos e sinistros, e de 19 policías moinantes, que patrullan vestidos con lazos e turbantes".

Un mundo así, por forza ten que mudar, polo que as mulleres deste país, capitaneadas por Toribia, revolucionaria vocalista do grupo musical As Eskorna-Kabras, lidera unha revolta para derrocar a MAXI-Miliano e os seus secuaces, aos que prenden e obrigan a comer perdices guisadas, escoitar poemas de Kika Chaveta, a gran poeta, e non lles deixan lavar as orellas.

Deste xeito, conseguem que MAXI-Miliano e os seus ministros e policías comprendan que outro mundo con máis equidade é posible e que vivir en pé de igualdade coas súas compañeiras mulleres é infindamente mellor, o que fai que o país do Gran Furado acabe por se transformar no país do Gran Lago, onde as mulleres deixan de ser súbditas de vontade anulada e poden lavar ou non as orellas e "tanto mulleres como homes traballan xuntos, e xuntos xogan ás agochadas, e xuntos son felices, e xuntos comen perdices, e xuntos len poesía, ás veces de noite e ás veces de día".

A historia de Quintiá ha gañar a quien a ela se achegue pola desbordante imaxinación que destila, mais tamén polo vaporizado humorístico e a fina ironía que moitas páxinas amosan, pois ten non pouco de paródico. Personaxes, accións e situacións convidan ás más pequenas e pequenos da casa e aos que con elles estamos a deternos a considerar o mundo de inxustizas que, moitas veces sen decatarnos, perpetuamos. Como escrita radicada na apostila pola igualdade de xénero, hai nesta trama un especial engado no que se consigue trasladar a quien vai lendo a



Xerardo Quintiá fotografado por Adrián Ferreiro

necesidade de repensarse e, dun xeito amable pero clarividente, a reconducirse alí onde non se actúa ben. É a arte da fantasia luminosa ao servizo da persuasión para o ben social.

Todo este amenísimo país en positiva e pacífica transformación que Quintiá soñou fixose real en canto Noemí López Vázquez o debuxou. A artista lucense, unha das mellores ilustradoras de Galicia, ideou para a historia imaxes cheas de apasteladas cores, que suxiren o relato mesmo máis alá do propio texto, que o fan gravitar nas súas liñas redondeadas, sempre en perfecto balance nos puntos de fuga, na osixenación das páxinas e no xogo de planos, ateigadas de detalles e pulcritude absoluta no trazo, cun intelixente e insinuante xogo de sombras e intensidades na paleta. Ler o fantástico relato de Quintiá

a través dos ollos de López Vázquez é unha experiencia ledicia coma poucas.

Sospeito que moito do que levo exposto houbo convencer tamén ao xurado do II Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade, quen este mesmo ano galardoou a Xerardo Quintiá.

Non me cabe dúbida de que foi un acerto. Como tamén o foi a impecable execución editorial coa que o presenta agora este libro Baía Edicións sumándolle a maxia creativa de Noemí López Vázquez. Sexan parabéns por agasallarnos con tan proveitosa lectura e, a quien pasades agora por estas miñas liñas, un consello: non deixedes de facervos con este divertido e revelador relato, sería unha mágoa que seguíssemos cavando no Gran Furado.